

II 10K SAN PEDRO MIÑO

25/06/2016 10:30 h.

REGULAMENTO

Art. 1) Organización

Comisión de Festas de Miño, organiza o II 10k SAN PEDRO MIÑO o 25/06/2016 na localidade de Miño baixo o control técnico da Federación Galega de Atletismo e incluída no Calendario Oficial da FGA.

Art. 2) Participantes

Poderán participar atletas federados e non federados; haberá unha clasificación conxunta. O control da carreira estará a cargo do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo.

Os participantes declaran baixo a súa responsabilidade, que contan coas condicións físicas óptimas para realizar a proba.

Art. 3) Categorias

CATEGORIA	ANOS DE NACEMENTO		DISTANCIA
Absoluta M/F	1998 e anteriores	Sub-23: 1998*-1993	10 km
		Senior: 1992-1980	
		Veterán A: 1979-1970	
		Veterán B: 1969-1960	
		Veterán C: 1959 e anteriores	

1998 *: os atletas nados neste ano deberán ter cumpridos os 18 anos antes da data da carreira.

Art. 4) Percorrido, distancia e horarios

O percorrido terá unha distancia de 10 km, detallado no seguinte mapa:



A hora de saída da proba será as 10:30 h. na zona deportiva da Galea (ao carón da Praza do Parchis). Os participantes deberán colocarse na liña de saída 10 minutos antes do comezo da proba.

O trazado consta de zonas asfaltadas e non asfaltada (camiño de santiago)

Situarse un punto de avituallamento na metade do recorrido, así como na chegada.

Art. 5) Inscripcións

A inscrición da proba poderá realizarse na web www.carreirasgalegas.com con data límite mércores 22 de xuño de 2016 ás 23:59 h. Non se admitirán inscricións fóra do prazo establecido nin o día da carreira.

O prezo da inscrición será de 10 euros, da cal se destinará unha parte a fins benéficos.

Para calquera dúbida poden poñerse en contacto co 600630370 e co email fiestasmino@hotmail.es e facebook (Fiestas Miño)

Os dorsais e os chips retiraranse na secretaría da organización ubicada na Praza do Parchis (ao carón do Concello de Miño) dende as 09:00 h. ata as 10:00 h. o día da proba.

Art. 6) Trofeos

Entregarase un trofeo aos tres primeiros clasificados de cada categoría, tanto masculino coma feminino.

Asemade tamén se entregará ao primeiro e primeira clasificado/a do concello de Miño (farase constar na inscrición) e ao participante máis veterano e para a máis veterana.

Asemade farase entrega dunha camiseta técnica conmemorativa do evento para todos os participantes.

Art. 7) Uso dos dorsais e chips

Os dorsais e os chips son persoais e intransferibles. Todo corredor/a que non entre na liña de meta co dorsal ben visible colocado na zona do peito ou que incumpra as normas establecidas no regulamento da Federación Galega de Atletismo e da RFEA referente a probas en ruta, será descalificado.

Art. 8) Organización e reclamacións

A proba estará controlada polo Comité Galego de Xuíces da F.G.A., que estarán autorizados a descalificar.

Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización. Nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos ós participantes. Asemade non se permite a participación con coches ou cadeiras de nenos, nin correr acompañados destes en ningún momento.

As reclamacións ós resultados oficiais, deberán formularse verbalmente ó Xuíz Arbitro da Competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos.

Art. 9) Servizos

A organización contará coa presenza dunha ambulancia e dun médico durante a proba.

Os participantes poderán contar cun servizo de duchas no pavillón municipal, situado a 300 m. da meta e sinalizado.

A proba conta cun seguro de Responsabilidade Civil e un seguro de accidentes deportivos para os participantes.

CONSIDERACIÓN DERRADEIRA

Todo o non previsto no presente regulamento resolverase de acordo co regulamento da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil, así como a xestión da licencia de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow 13 – 15008 A Coruña.